



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2019 13:43:37

SAIDA

8297/19



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 089/2019

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED], mediante escrito do 29 de abril de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 1 de xullo de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data do 29 de maio de 2019, tivo entrada no Rexistrio do Valedor do Pobo, oficio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria co que se remite informe do Director Xeral de Enerxía e Minas do 20 de maio de 2019, dous escritos de alegacións presentados con data do 29 de abril de 2019 [REDACTED]

[REDACTED] presentados á vista da resolución do 26 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas sobre documentación contida no expediente IN315A-2018-06 pola que se concede acceso parcial á información da Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, e copia do expediente de acceso á información pública.

Dado que as alegacións se presentan contra a resolución do Director Xeral de Enerxía e Minas do 26 de abril de 2016, pola que se da acceso parcial a unha solicitude de acceso á información pública por parte da Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno e no artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Dirección Xeral as remite á Comisión de Transparencia de Galicia para a súa cualificación, de ser o caso, como recurso.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Segundo. No primeiro escrito de alegacións presentado por [REDACTED] con data do 29 de abril de 2019, en síntese manifesta o seguinte:

Como xa sinalou nas alegacións presentadas con data do 3 de abril de 2019, considera que de conformidade co establecido no artigo 18, parágrafos 1 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, en relación co artigo 5.4 da Lei 19/2013, corresponde á base de datos nacional de subvencións como sistema nacional de publicidade das subvencións, a publicación da información suxeita ás obrigacións de transparencia.

Considera, como se sinalou nas alegacións presentadas, de acordo co disposto no artigo 20.5 da citada Lei 38/2003, que a información incluída na Base de datos Nacional de Subvencións ten carácter reservado, sen que poida ser cedida ou comunicada a terceiros.

Do mesmo xeito, en canto ao control financeiro das subvencións, o artigo 48 da LGS reforza o carácter reservado da documentación relacionada con expedientes de subvencións, así como o deber de confidencialidade e secreto do persoal controlador.

Tanto a lei de Transparencia como a LGS explicitan a información relativa ás subvencións que debe publicarse, do que cabe concluír que a información relativa ás subvencións e axudas é de carácter reservado, fóra da información establecida como pública: convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, importe concedido, obxectivo ou finalidade, beneficiarios e diliencias e informes que documentan o control financeiro.

Cabe sinalar que a convocatoria, programa e crédito orzamentario das axudas foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 64 de 03/04/2018 e figura na BDNS co identificador 390398. O importe concedido, obxectivo ou finalidade das axudas e os beneficiarios foron publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 40 de 26/02/2019.

De acordo co disposto no artigo 20.7 da Lei 38/2003, as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan coñecemento dos datos contidos na base de datos estarán obrigados ao máis estrito e completo secreto profesional respecto a os mesmos e igualmente, o persoal encargado do control financeiro das subvencións, en virtude do artigo 48 da LGS, deberá gardar confidencialidade e o secreto respecto de os asuntos que coñezan por razón do seu traballo.

Entende a asociación que os documentos presentados pola asociación, tanto nas solicitudes das axudas, como nas emendas presentadas ás mesmas e nas memorias xustificativas conteñen información de carácter persoal, tanto do persoal e representantes de [REDACTED] como dos profesionais que participaron na execución dos proxectos subvencionados, suxeita á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do que cabe concluír que de acordo co disposto no artigo 19 da dita Lei, só se poderá dar acceso á información relativa aos datos de contacto necesarios para a súa localización



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

profesional e a función ou debido a que desempeña, tanto o persoal e representantes [REDACTED] como os profesionais que participaron na execución dos proxectos subvencionados.

Considera a asociación que de acordo co disposto na Lei 1/2019, do 20 de febreiro, de Segredos Empresariais, e na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de Competencia Desleal, tanto as solicitudes como as memorias xustificativas está suxeitas ao segredo empresarial, ao formar parte do "know how" de [REDACTED] como información comercial que diferencia [REDACTED] doutras entidades, podendo, a súa publicación, derivar en competencia desleal por parte de terceiros en próximas convocatorias de axudas, ademais de conter información organizativa da entidade e as emendas presentadas ás solicitudes, e especialmente os documentos anexos, conteñen información financeira e confidencial de [REDACTED] suxeita a secreto empresarial.

Do mesmo xeito, entende esta asociación que as emendas ás solicitudes, incluídas as ofertas presentadas por terceiros, así como a información contida na memoria económica xustificativa, inclúen información comercial de terceiros suxeita ao segredo empresarial destes, debendo, en virtude do artigo 19.3 da lei de transparencia conceder unha prazo de 15 días aos terceiros afectados para que poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.

O Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, establece no seu artigo 10 que son obxecto de propiedade intelectual todas as creacións orixinais literarias, artísticas ou científicas expresadas por calquera medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro e nos 4 expedientes obxecto da solicitude de vista por parte da Asociación Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, o obxecto das axudas é a elaboración de documentos, que están suxeitos a propiedade intelectual de [REDACTED] e das persoas naturais ou xurídicas que participaron na súa elaboración.

Aínda que estes documentos realizáronse para a súa difusión e divulgación pública, a entrega a terceiros dos arquivos orixinais entregados á Administración, para a xustificación das axudas, pode supoñer a vulneración dos dereitos de autor, incluída a manipulación, plaxio e difusión non autorizada dos mesmos. por tal motivo, consideramos que se a Asociación Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins quere acceder aos devanditos documentos deberá solicitalos directamente a [REDACTED] e ademais, en virtude do artigo 19.3 da lei de transparencia, deberíase conceder unha prazo de 15 días ao resto de autores para que poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.

Por todo o anterior a asociación solicita que se traslade á BDNS, como sistema nacional de publicidade das subvencións, ao que corresponde a publicación da información suxeita ás obrigacións de transparencia, a solicitude realizada pola Asociación Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, sobre a documentación contida no expediente IN315A-2018-06 e no caso de non atender a anterior solicitude, se de acceso á Asociación Sociedade Histórica e

Cultural Coluna Sanfins, exclusivamente, ás dílixencias e informes que documentan o control financeiro, aos que fai referencia o artigo 50.3 da LGS.

Terceiro. No segundo escrito presentado pola [REDACTED] con data do 29 de abril de 2019, manifesta que con data do 11 de abril de 2017 (enténdese que é un erro e que se refire a 2019) recibiu aviso da plataforma notifica.gal de que tiña unha notificación con prazo para acceder ao seu contido ata as 00:00h do 22/04/2017. Accederon con data do 17/04/2019, e na dita notificación se lles da cita para a toma de vista no expediente o 12/04/2019 ás 11:00h e se lles informa que o escrito non supón unha ampliación do prazo establecido para presentar alegacións, polo que consideran que se lles xenera unha situación de indefensión e como consecuencia da situación descrita anteriormente descoñécese o momento en que finaliza a suspensión do prazo para a presentación de alegacións, xa que do escrito de data 11/04/2019 dedúcese que a suspensión do prazo para presentar alegacións finaliza o 03/04/2019, polo que considera que existe unha vulneración dos seus dereitos e unha situación de indefensión, dada a imposibilidade de presentar alegacións despois da vista dos expedientes e coñecido o seu contido.

Cuarto. No informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas do 20 de maio de 2019, en síntese maniféstase o seguinte:

A Asociación Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, solicitou, con data do 6 de marzo de 2019, acceso a información e copia da documentación en relación coas axudas concedidas ao abeiro da Orde do 15 de marzo de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento do sector mineiro galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

En concreto, solicita o acceso aos expedientes IN315A-2018-13, IN315A-2018-15, IN315A-2018-16 e IN315A-2018-29 e IN315A-2018-06, correspondendo os catro primeiros a subvencións concedidas á Cámara Oficial Mineira de Galicia (Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), e o último deles a unha subvención concedida á Asociación Galega de Áridos (ARIGAL). Informóuselle aos terceiros afectados [REDACTED] informándolles da solicitude de acceso recibida e que afecta aos expedientes relativos ás súas subvencións, información que se recepcionou o 25/03/2019.

Con data 03/04/2019, [REDACTED] presentou escrito de alegacións á solicitude de acceso á información, relativas á documentación contida no expediente IN315A-2018-06 .

No dito escrito de alegacións [REDACTED] solicita que lle sexa concedida vista nos anteditos expedientes. O 11/04/2019 púxose a disposición da súa entidade, por vía electrónica, escrito polo que se lle indicou a data e hora máis inmediatos para o acceso aos expedientes

solicitados, sen prexuízo da posibilidade de que puideran acceder en calquera momento, dada a súa condición de interesados nos mesmos, o que se indicou expresamente. A citada toma de vista tivo lugar o 23/04/2019.

A Dirección Xeral de Enerxía e Minas ditou a resolución do procedemento de acceso á información o día 26/04/2019 e o día 29/04/2019, con posterioridade á posta a disposición da notificación electrónica da resolución do procedemento, [REDACTED] presentou doux novos escritos de alegacións que de conformidade co disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a Dirección Xeral remite á Comisión de Transparencia de Galicia para a súa cualificación e tramitación como recurso, de ser o caso.

Respecto ás alegacións presentadas por [REDACTED] a Dirección Xeral informa que aos terceiros afectados [REDACTED] se lles notificou a solicitude de acceso recibida, e na que se fixo constar a suspensión do prazo para resolver o procedemento ata que se tiveran recibido as alegacións ou tivera transcorrido o prazo para a súa presentación e [REDACTED] presentou alegacións en prazo, solicitou vista dos expedientes, anunciou a intención de presentación de novas alegacións e solicitaron a ampliación do prazo para presentar alegacións.

Mediante o escrito do director xeral do 11/04/2018 deuse resposta indicándolle a data mais inmediata para o acceso aos expedientes. No escrito, que foi posto á súa disposición o mesmo día e recepcionado por [REDACTED] o 16/04/2019, fíxose constar que a parte substancial do expediente está constituída pola documentación achegada pola entidade, sen prexuízo dos actos administrativos realizados, os más relevantes dos cales lles teñen sido notificados, polo que, en todo caso, os datos que puideran afectar á privacidade desa entidade son os achegados e coñecidos polo propia entidade, respecto dos cales xa ten presentado alegacións, tendo en conta ademais que a ampliación do prazo prexudica dereitos de terceiros, en concreto, o derecho do solicitante a obter información no prazo contemplado na normativa aplicable.

De acordo co anterior a Dirección Xeral considera que non se lles xerou, en ningún caso, unha situación de indefensión, dado que se lles informou dos prazos, do contido do expediente, motivouse a denegación de ampliación de prazo para presentar alegacións e á entidade presentou alegacións en relación co contido que puidera afectar á súa privacidade e tivo acceso aos expedientes.

En relación cos escritos de alegacións presentados pola Asociación Galega de Áridos, dado que foron presentados con posterioridade á resolución do procedemento de acceso á información considera que de acordo co disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dende a Dirección Xeral dáse traslado dos mesmos á Comisión de Transparencia de Galicia para a súa tramitación como recurso, de ser o caso.

Considera a Consellería que non se xerou unha situación de indefensión dado que se cumpriron os prazos legalmente establecidos para a tramitación, resolución e notificación dos expediente de acceso á información pública.

Respecto ao resto das alegacións presentadas por [REDACTED] o informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas se remite á resolución ditada con data do 26 de abril de 2019 da que acompaña copia co seu informe, e na que se verten os seguintes argumentos:

Como se comunicou á asociación, a parte substancial do expediente está constituída pola documentación achegada pola entidade, sen prexuízo dos actos administrativos realizados, os más relevantes dos cales lles teñen sido notificados, polo que, en todo caso, os datos que puideran afectar á privacidade de entidade son os achegados e coñecidos pola propia entidade, respecto dos cales xa ten presentado alegacións, tendo en conta ademais que a ampliación do prazo prexudica dereitos de terceiros, en concreto, o derecho do solicitante.

Respecto á alegación de que a documentación entregada pola entidade en calidade de beneficiario da subvención é de carácter reservado e non suxeita ás obrigas de transparencia e que como se deduce das mesmas, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) configúrase como a ferramenta para a publicación da información suxeita ás obrigas de transparencia, tal e como se sinala no artigo 5.4 da Lei de Transparencia, e que aquela información contida na BDNS, non sinalada no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións como publicable, ten carácter reservado e non pode ser cedida a terceiros salvo nos casos sinalados no artigo 20.5 da LGS, e a alegación de que os datos non reservados relativos aos expedientes de subvencións sobre os que se está solicitando o acceso, xa foran publicados e están dispoñibles para o acceso de calquera cidadán, polo que entenden que a solicitude de acceso á información pública pode considerarse manifestamente repetitiva e ten un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei de Transparencia, a Dirección Xeral, a Dirección Xeral baseándose no Criterio Interpretativo CI/009/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno conclúe que o feito de que unha información solicitada por calquera persoa se atope en publicidade activa, non exime da obriga de dar unha resposta concreta nos prazos e condición que sinala a Lei, sen que a publicidade activa exclúa á pasiva, e podéndose excluír da publicidade pasiva unicamente a información respecto da que se xustifique, en aplicación do artigo 14 da Lei, que debe prevalecer un ben xurídico protexido sobre o interese público na divulgación da información.

No presente caso, o reclamante se limita a transcribir artigos que regulan as abrigas de transparencia activa respecto das subvencións pero non alude aos límites establecidos no artigo 14 da LTAIBG respecto do derecho de acceso nin alega prexuízos concretos que se ocasionen aos seus intereses e dereitos.

A base nacional de subvencións constitúe unha base de datos que ten diversos fins, entre eles, promover a transparencia ou loitar contra a fraude e non é un instrumento exclusivo de



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

publicidade activa, polo que respecto dos datos que non deban ser obxecto de publicidade se conteñen obrigas específicas de confidencialidade. En todo caso, a normativa que a regula non se pronuncia sobre o dereito de acceso aos expedientes administrativos nin exclúe o dito dereito de publicidade pasiva, sendo no ámbito da publicidade activa é unha norma de mínimos.

Por tanto considérase que sobre os expedientes opera o principio de transparencia na súa vertente pasiva con toda a extensión prevista na Lei 19/2013 e que, polo tanto, existe nos expedientes información susceptible de ser de interese xeral encadable no amplio concepto legal de información pública, exenta de datos sensibles segundo a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e non afectada polo límites do artigo 14 da Lei 19/2013 polo que, procede conceder acceso parcial á dita información.

Respecto dos documentos e informacóns aos que os terceiros afectados formularon a súa oposición expresa e concreta, conforme queda indicado, resulta de aplicación o artigo 22.2 da Lei 19/2013.

Respecto da aplicación dos límites ao caso concreto do artigo 14, pese a que os beneficiarios da subvención non xustifican a súa aplicación e a concorrencia de prexuízos concretos que sitúen os seus dereitos por riba do dereito de acceso, constátase que nos expedientes obxecto da resolución, inclúense documentos que conteñen información de claro carácter económico e comercial, que podería estar relacionada con deberes de segredo profesional, tanto das propias entidades sen ánimo de lucro destinatarias das subvencións como das empresas provedoras de bens e servizos.

Cómpre lembrar que no ámbito español, a protección dos datos empresariais derívase do art. 38 da Constitución Española que protexe as empresas e tamén garante unha libre competencia, de modo que tales datos referidos aos intereses económicos e comerciais non poidan ser obxecto de acceso polo único feito de que se atopen en poder da Administración.

De acordo coa xurisprudencia na materia e a Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de Segredos Empresariais, na resolución de acceso exclúense do acceso solicitado os documentos que conteñen exclusivamente ou a parte dos mesmos referida a datos de propostas comerciais ou información sobre proveedores, estratexia organizativa ou comercial das entidades subvencionadas ou das empresas provedoras, cuxa difusión sería susceptible de xerar un prexuízo no ámbito da competitividade ás citadas entidades e empresas, e, en todo caso, os datos tributarios, bancarios e financeiros, así como os identificativos de persoal traballador, protexidos polas normativas sectoriais aplicables, particularmente, a lexislación tributaria e a lexislación de protección de datos persoais, tendo a resolución un carácter favorable parcial, excluíndo os documentos ou as partes dos mesmos que figuran no Anexo da resolución, e nos restantes documentos aos que si se autorice o acceso serán disociados os datos referidos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).



(+34) 981 56 97 40



Info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, púxose a disposición de [REDACTED] a notificación electrónica con data do 29 de abril de 2019, e o mesmo día, con posterioridade a esa posta a disposición, [REDACTED] presentou dúas alegacións debe considerarse que están presentadas en prazo.

Quinto.- Análise do expediente.

Procédese a analizar o contido dos escritos de alegacións

(1). Cualificación das alegacións presentadas como reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia

Con carácter previo a entrar no contido das alegacións presentadas por [REDACTED], é necesario determinar si as ditas alegacións, como apunta o informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, debe considerarse como reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia.

A resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se concede o acceso parcial á información solicitada, pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo unha vez adoptado e notificado en forma, únicamente cabe a presentación de recurso contencioso-administrativo ou potestativamente, reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia, sen que procede admitir as alegacións presentadas.

Como se apunta no informe da Dirección Xeral, de acordo co disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cabe deducir do primeiro escrito de alegacións que a intención de ARIGAL coa presentación das alegacións unha vez que se lle deu acceso á Resolución da Dirección Xeral era impugnar o seu contido, polo que procede cualificalo como reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia. No referente ao segundo escrito, non se pode considerar como impugnación da resolución, senón como alegacións ao trámite procedural de vista do expediente, non pode dárselle a cualificación de reclamación en materia de acceso á información pública.

(2). Consideración da Base nacional de subvencións como competente para a realización da publicidade activa na materia.

Entrando nas alegacións presentadas pola Asociación reclamante, en primeiro lugar manifesta que de conformidade co disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, corresponde á Base Nacional de Subvencións como sistema nacional de publicidade a publicación da información suxeita ás obrigas de Transparencia, tal e como se sinala no artigo 5.4 da Lei 19/2013.

Debe partirse da base de que en materia de Transparencia, a normativa establece por unha banda, unha serie de obrigas aos suxeitos incluídos dentro do seu ámbito de aplicación en materia de publicidade activa, e por outra, a obriga de dar resposta ás solicitudes de acceso á información que presenten os cidadáns, que é o que podería denominarse publicidade pasiva.

As administracións galegas están obrigadas á publicidade activa prevista no artigo 6 e seguintes da Lei 1/2016, e o artigo 5 da Lei 19/2013. Esta obriga consiste en que os titulares da información deben publicar unha determinada información de forma periódica e actualizada, cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

Pola súa banda o dereito de acceso á información pública é o dereito de toda persoa, neste caso unha asociación, a acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O lexislador xa parte da base de que non todo o que constitúe información pública ten porque estar publicado, e a partir da definición do que é información pública todas as persoas, se así o solicitan, poden ter acceso aos contidos ou documentos comprendidos dentro da definición de información pública, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013 e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. O acceso só pode limitarse nos supostos nos que a información este afectada por algún límite dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, en todo caso, previa xustificación proporcionada ao obxecto e finalidade de protección, ou inadmitirse por algún dos supostos que establece o artigo 18 da mesma Lei que implica a elaboración dunha resolución motivada.

Neste senso, a Sentenza nº 46/2017, do 22 de xuño de 2017, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo nº 2 de Madrid, establece que en materia de Transparencia poden distinguirse douce aspectos en canto ao dereito ao acceso á información: transparencia proactiva, como aquela obrigación dos organismos públicos de publicar e dar a coñecer a información sobre as súas actividades, orzamentos e políticas e a transparencia reactiva que é o dereito dos cidadáns de solicitar aos funcionarios públicos calquera tipo de información de e o dereito para recibir unha resposta documentada e satisfactoria.

De acordo co anterior, o feito de que á Base nacional de subvencións lle corresponda o cumprimento das súas obrigas de publicidade activa, non pode supoñer en ningún caso a denegación ou inadmisión da solicitude de acceso á información sobre unha subvención concreta a quen o solicita, neste caso unha asociación, no exercicio do seu dereito de acceso á información pública que establece o artigo 24 da Lei 1/2016, sen prexuízo de que, de conformidade co disposto no artigo 22.3 da mesma Lei, respecto da información xa publicada se indique ao solicitante como pode acceder a ela.

Procede en consecuencia desestimar a petición realizada no escrito de alegacións que [REDACTED] que se tramita como reclamación, de que se traslade á Base nacional de subvencións a solicitude realizada pola Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins dado que o suxeito obrigado a resolver sobre o acceso á información é a Consellería de Economía, Emprego e Industria.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

(3). Base nacional de subvencións: carácter reservado segredo dos datos contidos na Base nacional de subvencións.

A asociación solicitou o acceso a uns expedientes concretos de subvencións outorgados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria que como se motiva no punto anterior, son información pública que debe proporcionárselle a calquera que o solicite, coas limitacións establecidas nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, pudendo ser inadmitida a solicitude si se da algún dos suposto de inadmisión que establece o artigo 18.

Non procede que esta Comisión valore ou analice o carácter reservado da información contida na dita base, ou as obrigas de segredo profesional das autoridades e o persoal ao servizo das Administracións que teñan coñecemento dos datos contidos na mesma, por carecer de competencia para iso. O que se trata de determinar nesta reclamación, é de si á información solicitada sobre un expediente administrativo de concesión de subvención, lle son aplicables ou non os límites establecidos nos artigos 14 e 15, ou se concorre algunha causa de inadmisión das establecidas no artigo 18 da mesma Lei, como se analizará nos seguintes puntos.

(4). Protección de datos de carácter persoal.

No relativo á protección de datos de carácter persoal, o artigo 15 da Lei 19/2013, establece que se a información solicitada contén datos persoais que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas, o acceso únicamente poderase autorizar no caso de que se contase co consentimento expreso e por escrito do afectado, agás que o afectado fixese manifestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso, e se fan referencia á orixe racial, á saúde ou á vida sexual, datos xenéticos ou biométricos ou datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas únicamente se pode autorizar si se conta co consentimento expreso do afectado ou se está amparado por unha norma con rango de lei.

Con carácter xeral, a Lei establece que se concedera o acceso a información que conteña datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública do órgano, salvo que no caso concreto prevaleza a protección de datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos sobre o interese público na súa divulgación. Nos casos nos que a información solicitada non contivese datos especialmente protexidos, concederase o acceso previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación e os dereitos dos afectados, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, non sendo aplicable o anterior se o acceso se efectúa previa disociación dos datos de carácter persoal de modo que se impida a identificación das persoas afectadas.

No presente caso, [REDACTED] non alega os datos concretos están amparados pola normativa en materia de protección de datos, pero na resolución do Director Xeral de Enerxía e Minas que

se impugna, se exclúe do acceso aos documentos ou parte destes que conteñan datos de carácter persoal, polo que non existindo outros datos ou documentos que especificamente se sinalen nas alegacións de [REDACTED] como datos de carácter persoal ademais dos excluídos na resolución, considérase correcta a exclusión de información recollida na resolución impugnada.

(5). Segredo industrial e comercial.

O artigo 14.1 h) da LTAIBG dispón que o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais, actuando esta causa como límite ao exercicio do dereito de acceso á información.

A Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de Segredos Empresariais, define no seu artigo 1 o secreto empresarial como calquera información ou coñecemento, incluído o tecnolóxico, científico, industrial, comercial, organizativo o financeiro, que sexa segredo no senso de que, no seu conxunto ou na configuración e reunión precisas dos seus componentes, non sexa xeralmente coñecido polas persoas pertencentes aos círculos en que normalmente se utilice o tipo de información ou coñecemento en cuestión, nin facilmente accesible para elas, que teña un valor empresarial, xa sexa real ou potencial, precisamente por ser secreto, e que sexa obxecto de medidas razonables por parte do seu titular para mantelo en segredo.

Respecto á aplicación dos límites establecidos no artigo 14 da Lei, o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno elaborou o Criterio Interpretativo CI/002/2015, do 24 de xuño, no que se pon de manifesto a necesidade de identificar e precisar os criterios e condicións que xustifican a súa aplicación.

Os límites a que se refire o artigo 14 da LTAIBG, a diferenza dos relativos á protección dos datos de carácter persoal, non se aplican directamente, senón que de acordo coa literalidade do texto do número 1 do mesmo, poderán ser aplicados: desta maneira, os límites non operan nin automaticamente a favor da denegación nin absolutamente en relación aos contidos.

A invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo, e neste senso, a súa aplicación non será en ningún caso automática: antes ao contrario deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e available. Esta, ademais non poderá afectar ou ser relevante para un determinado ámbito material, porque do contrario estaríase a excluír un bloque completo de información.

Do mesmo modo, é necesaria unha aplicación xustificada e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).

No presente suposto, [REDACTED] considera que tanto as solicitudes como as memorias xustificativas, as súas enmendas e os documentos anexos que forman parte do expediente están suxeitas ao segredo empresarial, que forman parte do “know how”.

Na resolución do Director Xeral de Enerxía e Minas se teñen en conta as alegacións de terceiros e, a pesar de que non se xustifica a aplicación dos límites específicos do artigo 14 da Lei 19/2013, e a concorrencia dos prexuízos concretos que pode supoñer o acceso á información, realiza unha análise coa finalidade de ponderar os intereses e dereitos en conflito.

Así, constátase que nos expedientes dos que se solicita acceso á información pública, existen documentos que conteñen información de claro carácter económico e comercial, que podería estar relacionada con deberes de segredo profesional, tanto das propias entidades sen ánimo de lucro destinatarias das subvencións como das empresas provedoras de bens e servizos, polo que na resolución de concesión de acceso, se exclúen do mesmo a documentación que contén información deste tipo ou a parte dos mesmos referida a datos de propostas comerciais ou información sobre provedores, estratexia organizativa ou comercial das entidades subvencionadas ou das empresas provedoras, por ser documentación que podería xerar un prexuízo no ámbito da competitividade ás citadas entidades e empresas, os datos tributarios, bancarios e financeiros, así como os identificativos de persoal traballador, protexidos polas normativas sectoriais aplicables, particularmente, a lexislación tributaria e a lexislación de protección de datos persoais.

A resolución concede o acceso parcial á información, excluíndo os documentos ou as partes dos mesmos relacionadas no anexo da mesma, e dos documentos aos que si se autorice o acceso, este realizarase previa disociación dos datos que poidan ter carácter protexido, o que é conforme co establecido no artigo 16 da Lei 19/2013, referida ao acceso parcial, e o disposto no artigo 22 no referente á formalización do acceso nos casos nos que existe oposición de terceiro.

De acordo co anterior, procede e desestimación da reclamación presentada por ser a resolución pola que se concede o acceso parcial á información, conforme co disposto na normativa vixente en materia de Transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] con data contra a resolución do 26 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se permite o acceso parcial a Sociedade

Histórica e Cultural Coluna Sanfins ao expediente IN315A-2018-06, de subvencións ao sector mineiro de 2018.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019

Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia